

PROCEDEMENTO : IN223A – IMPULSO DUNHA REDE DE MERCADOS EXCELENTES DE GALICIA E A DINAMIZACIÓN E REVITALIZACIÓN DAS PRAZAS DE ABASTOS

Nº EXPEDIENTE : IN223A-2025-00000027-00

SOLICITANTE : CONCELLO DE LUGO

NIF: P2702800J

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Primeiro.- O día 28 de febreiro de 2025 publícase no DOG núm. 41 a Orde do 19 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento IN223A).

Segundo.- A dotación orzamentaria prevista na antedita orde de convocatoria imputada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 distribúese do seguinte xeito:

Entidades beneficiarias	Aplicación orzamentaria	Código de proxecto	Importe 2025	Importe 2026	TOTAL
Concellos	14.06.751A.761.3	2015 00275	1.600.000,00	1.400.000,00	3.000.000,00
Federacións de asociacións de prazas de abastos	14.06.751A.781. 1	2015 00254	40.000,00		40.000,00
Asociacións de prazas de abastos			245.000,00		245.000,00
Cooperativas de vendedores/as das prazas de abastos			22.400,00		22.400,00
			1.907.400,00	1.400.000,00	3.307.400,00



Terceiro.- A instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral de Artesanía, Entidades e Promoción Comercial, segundo se establece no artigo 13 das bases reguladoras.

O órgano instrutor formulará a proposta de resolución de concesión á persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración á que lle corresponde ditar a resolución que corresponda, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

A competencia para resolver esta proposta corresponderá, por delegación da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo consonte a disposición adicional segunda da orde de convocatoria.

Cuarto.- Logo da correspondente fiscalización e dado que cumpre todos os requisitos e condicións esixidas na orde de convocatoria para a axuda que solicita, procede conceder a subvención na contía e polo concepto que se detalla máis abaixo

ACORDO:

Primeiro.- Conceder a subvención á entidade e polos importes que se detallan a continuación, correspondente ás actuacións do artigo 4 das bases reguladoras.

Expediente: IN223A-2025-00000027-00					NIF: P2702800J		
Entidade beneficiaria: CONCELLO DE LUGO							
Actuación subvencionable	Investimento solicitado		Investimento subvencionable		%	Importe subvención	
	2025	2026	2025	2026		2025	2026
Fase 1.2.1 a) Diagnose de situación	17.545,00 €	0,00 €	15.000,00 €	0,00 €	80	12.000,00 €	0,00 €
Fase 1.2.1 c) Mentoring	5.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €	0,00 €	80	2.400,00 €	0,00 €
TOTAL	22.545,00 €	0,00 €	18.000,00 €	0,00 €		14.400,00 €	0,00 €
Observacións	Supera o umbral do investimento máximo subvencionable contemplado para a actuación do artigo 4.1.2.1.a) das bases reguladoras, "Elaboración da diagnose de situación e usos do mercado". Na actuación "mentoring" supera o investimento máximo subvencionable (3.000,00 €) de acordo co artigo 4.1.2.1.c) das bases reguladoras.						

O importe desta axuda ten carácter de axuda de minimis, en virtude da aplicación do establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023,



relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas mínimis (DOUE 15.12.2023, Serie L).

Segundo.- O libramento da subvención efectuarase unha vez xustificadas os investimentos de conformidade co previsto no artigo 22 das bases reguladoras. Todas as actuacións obxecto da subvención deberán estar realizadas e efectivamente pagadas, nos períodos subvencionables que se relacionan a continuación, debendo acreditarse debidamente a súa realización e pagamento:

Concellos:

Anualidade 2025: dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 14 de novembro de 2025.

Anualidade 2026: dende o 15 de novembro de 2025 ata o 15 de setembro de 2026.

Terceiro.- A Dirección Xeral de Comercio e Consumo adoptará as medidas necesarias para a instrución do correspondente expediente de gasto.

Cuarto.- A inobservancia por parte da persoa ou entidade beneficiaria de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a subvención que lle corresponda.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer, no seu caso:

1. Recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
2. Ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia de conformidade co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

De acordo co establecido no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos dez días dende a notificación da subvención concedida sen que a persoa interesada comunique expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e dende ese momento adquirirá a condición de persoa beneficiaria. A renuncia á subvención, debidamente motivada, farase por

Dirección Xeral de Comercio e Consumo
Edificio administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

calquera medio que permita a súa constancia de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, ditarase a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da dita Lei 39/2015.

En cumprimento do artigo 15 das bases reguladoras, notifíquese esta resolución á entidade interesada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración
P.D. (Orde do 19.02.2025, DOG núm. 41 do 28.02.2025)
O director xeral de Comercio e Consumo
Gabriel Alén Castro

Dirección Xeral de Comercio e Consumo
Edificio administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña

